

Trasancos

Arcediado da diocese de Mondoñedo que subsistiu ata 1851. Subdividiábase en tres arciprestados ou vigairías denominadas Trasancos, Cedeira e Ortigueira. Con anterioridade, as dúas últimas recibiran os nomes de Labacengos e Arrós. En canto á primeira, alternou a súa denominación coa de Ferrol e a terceira coa de Santa Marta.

O territorio, que abranguía a parte setentrional da actual provincia da Coruña, incorporouse definitivamente á diocese en 1122 e, ata a súa extinción como unidade territorial da administración eclesiástica, estivo baixo o goberno do arcediogo de Trasancos, dignidade do cabido mindoniense.